

Asemblea Xeral Ordinaria da FGCMF de 27 de outubro do 2007

Hora: 17,00 1ª Convocatoria.
17,30 2ª Convocatoria.

Lugar: Avda. de Galicia, s/n. (antiga Comandancia de Mariña)
Cambados

ORDE DO DÍA:

1. Estado de contas. Informe provisorio.
2. Informe da xestión
3. Análise da tempada
4. VIII Encontro Ferrol 2007. Valoracións
5. Brest 08. Situación e análise
6. Proposta de elección da nova Xunta Directiva
7. Proposta de admisión de novos socios:
 - Asoc. Náutica Esposende (socio colaborador)
 - Asoc. Marinheiros da Armada, de Vila do Conde (socio colaborador)
 - Asoc. Cultural "El Unicornio Azul", de Cambados
8. Asuntos varios
9. Rogos e preguntas

Comeza a Asemblea ás 17,30,00h en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 17,00h.

A mesa que preside a Asemblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente: Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 1º Francisco Fernandez Rei
Vice-Pres. 2º João Paulo Moreira Batista
Vogal: Osvaldo Davila
Tesoureiro Javier Moraña Fontán

En ausencia do secretario Uxío Anllo, actúa de secretario F. Fernández Rei

Asisten representantes das seguintes asociacións numerarias:

1 Ramallosa, 2 Galos de Bueu, 3 Amigos E.T. A Coruña, 4 Sodinautica, 5 Asoc. Fasquía, 6 A. Dorna Meca, 7 A.Marinheiros S. Miguel de Bouzas, 8 G.E. Mascato, 9 ACD. Dorna, 10 Asoc. Gameleiros Breadouro, 11 A. Calmoseira, 12 A. Dorna Portonovo, 13 Barcas do Minho, 14 C.M. Ferrol, 15 Rompetimóns, 17 Sueste

Asisten repreentante das asociacións colaboradoras Clube Mariño Salnés e Barcos do Norte

1. Estado de contas. Informe provisorio.

O presidente Fernando Piñeiro comeza dando as contas provisorias do Encontro de Ferrol: o total ronda os 250.000 euros, pero non pode dar a cifra exacta nin presentar o estado final nesta asemblea porque non chegou a totalidade das facturas. Sinala que onte, día 26, recibíuse unha factura con data de 23 de outubro; e mentres non estea todo non se pode cobrar a subvención da Consellería de Cultura e Deporte.

Tamén informa que el mesmo, o tesoureiro Javier Moraña e o secretario Uxío Allo solicitaron o crédito persoal de 36.000 euros autorizado na asemblea extraordinaria de setembro.

2. Informe da xestión

O Presidente informa que esta mesma noite ten lugar na Illa da Arousa a cea de fin de tempada que organizan a ACD Dorna e o Comité de Navegación da FGCMF, na que se entregan os trofeos de regatas e que contará coa presenza de Marta Souto, Directora Xeral de Deportes da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Así mesmo informa que o vindeiro fin de semana é o Salón Náutico de Barcelona, que nese fin de semana el ten que acudir a Brest cunha delegación da Consellería de Cultura e Deporte encabezada por Marta Souto para tratar aspectos da festa de xullo de 2008, e tamén dá conta que o programa de TV "De proa a popa" vai realizar programas semanais centrados na tipoloxía das embarcacións tradicionais.

Fernando e o vicepresidente João Paulo Moreira Batista informan do encontro de Aveiro e da regata de moliceiros.

3. Análise da tempada

Fernando Piñeiro fai un resumo dos encontros que houbo nas rías, a maiores do Encontro de Ferrol; e pide que nos cartaces de encontros e nas xornadas que organicen as asociacións da Federación se poña sempre o logo da FGCMF.

Lino Prieto, da Dorna Meca, pide que as asociacións envíen á web da Federación información relativa ás regatas e calquera outra noticia xerada en cada asociación.

4. VIII Encontro Ferrol 2007. Valoracións

Sobre o VIII Encontro celebrado en Ferrol, Fernando Piñeiro considera que a súa valoración global é claramente positiva. Considera que o ronsel dos encontros anteriores fixo que no peirao de Curuxeiras se puidera gozar unha tipoloxía moi grande de embarcacións. A pesar do difícil que era para moitos barcos tanto das Rías Baixas como portugueses achegarse a Ferrol, foron moitos os que o fixeron, e salienta a enorme presenza de barcos e tripulantes de Portugal; porén, considera en certo modo negativo que non se chegase a crear unha comisión organizadora do Encontro, como se fixo nos encontros precedentes da Illa e Cambados, pois a existencia dunha tal comisión é fundamental para organizar un evento deste tipo, cada vez máis complexo.

Arturo Loureiro, do Clube de Mar de Ferrol, propón que para o futuro se pense na posibilidade de crear un ente xurídico propio para os Encontros, onde, entre outros, estarían representantes da asociación a que na Federación outorga a organización do evento.

Fernando Piñeiro pide que conste en acta o agradecemento da Federación ó Museo do Mar de Galicia pola organización das Xornadas Técnicas en Ferrol e pola súa

contribución en anteriores encontros, particularmente no da Illa e no de Cambados. João P. Baptista apoia ese agradecemento ó Museo do Mar, e particularmente á persoa de Pablo Carrera, polo que roga que se atenda a petición que hai días fixera Pablo ás asociacións para axudar a recoller material para expoñer no Museo que se vai reinaugurar en breve.

Sobre o marco legislativo das embarcacións tradicionais que se analizou nas Xornadas de Ferrol, Arturo Loueiro pregunta se non conviña incidir nas institucións con ese tema. Antón Pais, dos Galos, considera que non que hai que se facer moitas ilusións, porque oficialmente non existe un censo de barcos históricos; pero que se debe seguir loitando para que oficialmente se considere que un barco tradicional é un patrimonio histórico como o é unha igrexa románica.

Fernando Piñeiro cre que foi moi positivo que a Dirección Xeral da Mariña Mercante mandase un funcionario a esas Xornadas de Ferrol, pois puido ver claramente que este problema non é algo anecdótico e que afecta a moita xente, e non só a galegos, tal como xa sinalara Antón Pais.

5. Brest 08. Situación e análise

Fernando Piñeiro informa que na reunión que haberá en Brest dentro duns días se vai concretar o contrato entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e os responsables da Festa de Brest. No que respecta ó compromiso da Federación, di que os de Brest queren saber cales son os barcos que van ir, coas medidas da eslora e da manga de cada barco.

Fernando di que se agarda a maior profesionalidade para os tripulantes que acudan a Brest, que hai que ir como mariñeiros e non a facer turismo. A durmida vai ser en albergues (ou establementos similares).

6. Proposta de elección da nova Xunta Directiva

Fernando Piñeiro pide que entre os asistentes a xente se postule para formar parte da nova Xunta Directiva. Ninguén dá un paso adiante.

7. Proposta de admisión de novos socios:

A Asoc. de Mariñeiros de Bouzas amadriña a entrada na Federación, como membros colaboradores, da **Associação Náutica de Esposende** e da **Associação. Marinheiros da Armada, de Vila do Conde**. Desde hai anos, as dúas asociacións colaboran en encontros realizados en augas galegas, e no caso de Esposende a embarcación *Santa Maria dos Anjos*, construída en 1993, o mesmo ano do pioneiro encontro de Ribeira, participou en todos os encontros. Os Marinheiros da Armada, que teñen boas relacións co Mariñeiros de Bouzas e con Barcas do Minho, levan traballado na recuperación da "catraia".

Os representantes das dúas asociacións agradecen a boa acollida dada pola xente da FGCMF galegos, e un membro dos Marinheiros da Armada comenta que en Portugal non é fácil facer unha federación de embarcacións tradicionais.

As asociacións Calmoseira e Clube Mariño Salnés amadriñan a entrada na Federación da **Asociación Cultural "El Unicornio Azul", de San Tomé de Cambados**. O presidente do Unicordio informa que a súa asociación, que dispón dun

bote de Ribadeo co que navegan polo mar da Arousa, levan anos recuperando o "loro", un tipo de ghamela estilizada propia de Cambados para traballar con pouca auga.

Por asentimento total a asemblea acolle estas tres novas asociacións, as portuguesas como membros colaboradores e "El Unicornio Azul" como socio numerario. Os representantes de cada asociación agradecen esta acollida no seo da Federación.

8. Asuntos varios

Fernando Piñeiro informa de dous encontros de embarcacións que vai haber no 2008 en Andalucía: un en abril en Coria del Río, onde loitan polo mantemento do estaleiro fluvial Nereo; o outro en Pedralejo-Málaga, o dos "marengos". Tamén informa da publicación dun libro de Mörling coas fotos da recente exposición sobre a cultura mariñeira de Ons.

Sobre os programas de barcos que pensan facer os "De proa a popa", Lino Prieto advirte que os dese programa deixaron colgados dúas veces a xente da Dorna Meca. Braulio, de Mariñeiros de Bouzas, di que con eles se portaron ben e que lles fixeron unha boa reportaxe para a TVG.

O vogal Osvaldo Davila informa da existencia dun Premio Nacional de Deporte Tradicional da Xunta de Galicia, e propón que as asociacións da Federación fagan a proposta da propia Federación, porque ten unha sección deportiva. Sobre isto Fernando Piñeiro sinala que a sección de regatas tradicionais está consolidada desde hai moitos anos.

Por asentimento apróbase a proposta e Osvaldo.

9. Rogos e preguntas

João P.Baptista puntualiza a información dun dos membros de Marinheiros da Armada de Vila do Conde sobre a inexistencia dunha Federación da cultura marítima e fluvial en Portugal. Di que se intentou facer despois da Expo do 98 de Lisboa, e que actualmente existe a Associação Portuguesa do Património Marítimo, con sede en Setúbal, que ten aprobados uns estatutos.

Un dos representantes dos Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña pide que se apoia a candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade. Como non se pode tomar un acordo porque non figuraba na orde do día da sesión, acórdase que se trate na asemblea de finais de decembro.

Arturo Loureiro di que lle hai que mandar á xente os cartóns do seguro.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a asemblea ás 19,35 h

Cambados, 27 de outubro do 2007

O Secretario accidental:
Francisco Fernández Rei

Vº e Pr.
O Presidente:
Fernando Piñeiro Oubiña.

